



CIG

Boletín
Sindical

Nº 29 - 2019

www.cig.gal

Por unha Galiza ceibe e sen explotación

25 de xullo, Día da Patria Galega

A CIG chama a reivindicar, nos actos que o nacionalismo convoque en Compostela o vindeiro 25 de xullo, Día da Patria Galega, o dereito das galegas/os a decidirmos por nós mesmas o noso futuro como nación e a autogobernarnos para poder vivir e traballar dignamente na nosa terra.

A demanda dunha Galiza ceibe e sen explotación ten este ano 2019 toda a actualidade ante o grave panorama que estamos a vivir, de auténtica emerxencia nacional e social. O roubo e saqueo ás clases populares, na lóxica do capitalismo e das súas crises, ten na Galiza a súa expresión no afondamento do papel que tradicionalmente se nos impón no contexto do Estado e da UE: de nación espoliada e colonizada, subministradora de man de obra a través da emigración, de materias primas e recursos minerais, enerxéticos e forestais, causando grandes impactos sociais, económicos e ambientais, sen que reverta en ningunha compensación ou beneficio para o noso país. Unha situación que evidencia o fracaso do sistema autonómico.

A perda de emprego, a crise demográfica, a emigración xuvenil, o desmantelamento industrial, o peche e deslocalización de empresas, están á orde do día, constatando, de forma dramática, o dano que están a provocar as políticas neoliberais en Galiza.

A vixencia das reformas laborais, das pensións e da negociación colectiva, aprobadas ao longo destes anos provocan que cada día medre máis a precariedade, a pobreza laboral, os baixos salarios e a perda de poder adquisitivo das pensións.

Introducíronse novas formas de explotación (falsos autónomos/as, ETT, centros especiais de emprego,

etc.) e aumentáronse as posibilidades para o abuso dos contratos a tempo parcial, dos que duran horas, días ou, como máximo, semanas, xerando así un empobrecemento xeneralizado e un afondamento das desigualdades de xénero.



A continuidade destas leis, que o PSOE iniciou e o PP ampliou, xunto con outras políticas antisociais, tamén impostas coa escusa da crise, como a LOMCE ou a Lei Mordaza, conforman unha realidade profundamente inxusta e antidemocrática. Realidade que o PSOE non mudou nos últimos 12 meses, máis alá de tímidas e insuficientes mudanzas.

A fraude e a confusión promovida desde todos os medios do sistema é absoluta. Preséntase un presidente da Xunta aparentemente crítico e reivindicativo co Goberno español, pero submisivo e dócil ás políticas neoliberais que veñen de Madrid e Bruxelas mais frontalmente contrario a ofrecer alternativas pensadas nos intereses das

clases populares galegas, se iso implica cuestionar a falta de soberanía política de Galiza e o papel dependente que se nos ten asignado. O complemento perfecto no proceso de españolización e recentralización posto en marcha no Estado español, que busca combater e reprimir até as últimas consecuencias a realidade plurinacional existente no Estado español, que representamos Galiza, Euskal Herria e Catalunya.

Dereito a decidir

Somos conscientes de que os avances en dereitos laborais e sociais pasan porque haxa unha correlación de forzas favorábel; por termos vontade política de apostar pola soberanía, pola nosa capacidade de decidir, pero non temos alternativa se queremos saír adiante, se pretendemos algo tan elemental como poder vivir e traballar dignamente en Galiza.

As solucións non virán por si soas, nin por concesións do poder económico ou do poder político que está ao seu servizo. Dependemos da nosa capacidade para nos organizar e mobilizar socialmente.

Por iso desde a CIG facemos un chamamento a participar, este 25 de xullo, nos actos do Día da Patria Galega, co convencemento de que é imprescindible a autoorganización do pobo galego e da clase traballadora e termos soberanía para unha mellor defensa dos nosos sectores produtivos básicos e da nosa industria; modernizar as nosas infraestruturas e servizos sociais; levar adiante unha política propia de creación de emprego, para potenciar unha economía autocentrada ao servizo do pobo e avanzar na recuperación e consecución de dereitos para as galegas e galegos.

Non á represión sindical en Coren!

Campaña contra o despido dun candidato da CIG

O secretario xeral da CIG, Paulo Carril, anunciou o inicio dunha campaña contra a represión sindical no grupo ourensán Coren tras o despido dun candidato da central ás eleccións sindicais e o acoso ás persoas que integran a lista. Entre as accións previstas, ademais do recurso xudicial contra a rescisión do contrato, inclúense a convocatoria de mobilizacións e o reparto de folletos informativos explicando o que está a acontecer na compañía de alimentación.

<O estás con la empresa o estás contra la empresa>. Así argumentou a dirección de Coren o despido do traballador, unha vez que este se negou a darse de baixa da candidatura da CIG. A carta na que se lle anunciaba a decisión chegoulle dous días despois dunha xuntanza de tres horas co departamento de recursos humanos. Porque Coren está a chamar unha por unha e de xeito individual ao arredor de medio cento de persoas que figuran na lista da central para mediante ameazas e coaccións intentar que opten por non presentarse.

“Imos facer valer o dereito de liberdade sindical, porque os traballadores/as de Coren teñen dereito a optar pola expresión sindical que consideren sen que a empresa intente impedilo mediante extorsións, ameazas, despidos ou mentiras”, adiantou Carril. Polo que, ademais da denuncia presentada no Xulgado por vulneración do dereito de liberdade sindical reclamando a nulidade do despido, o 1 de xullo -coincidindo coa constitución da mesa electoral- levará a cabo un reparto simultáneo de folletos en centros de traballo e tendas da compañía do sector cárnico, ademais de en instalacións dalgúns dos seus clientes.

Tamén desenvolverá unha concentración diante do establecemento de Coren na rúa Eulogio Gómez Franqueira o vindeiro 9 de xullo, dous días antes do acto de conciliación polo despido, previsto no SMAC para o día 11. “Xa estamos fartos/as da impunidade coa que actúa Coren e da falsa imaxe pública que se obsesiona por cultivar de que son un modelo de creación de emprego

e de desenvolvemento, cando son un exemplo de precariedade, explotación, clientelismo, caciquismo e represión sindical”, sinalou o máximo responsábel da CIG.

Carril lembrou que foi a central en solitario a que decidiu enfrontar unha realidade existente na industria cárnica como son as novas formas de

“Quere volver atrás para anular as conquistas logradas no que ten que ver coa dignificación das condicións de traballo; de aí que a CIG sexa nestes momentos obxectivo dos ataques da empresa”. Trátase de impedir que a central poida finalmente presentar candidatura “porque saben que somos garantía de que non haxa marcha atrás nesta mellora imparábel das condicións laborais”.

O traballador despedido explicou que os problemas con Coren comezaron cando grazas ás denuncias da CIG a empresa tivo que dar de alta no réxime xeral da Seguridade Social os falsos/as autónomos/as dependentes da falsa cooperativa Servicarne. “Cando pasamos a formar parte do grupo entendemos que era o momento de comezar a traballar para ter unha representación sindical digna co fin de lograr melloras laborais”.



explotación e escravización do século XXI, “propias das reformas laborais e das políticas neoliberais que era toda a trama que representaba a lacra dos falsos/as autónomos/as e das falsas cooperativas”.

Como consecuencia, a día de hoxe produciuse un avance significativo nas condicións laborais a raíz do desmantelamento desta trama existente nun sector no que Coren é unha das empresas máis representativas. “Para conseguilo presentamos numerosas denuncias e levamos a cabo distintas mobilizacións”.

Agora a empresa pretende deixar sen efecto o resultado desta loita.

Representación sindical digna

Entón a dirección comezou a chamar os candidatos/as para manter xuntanzas co departamento de recursos humanos, nas que queda moi claro dende o primeiro momento que o seu obxectivo era evitar que a CIG se presentase ás eleccións sindicais.

“Baixo ningún concepto querían que a CIG tivese candidatura, polo que comezaron coas ameazas verbais dicíndonos que era mellor que nos presentáramos pola lista da empresa; ante a miña negativa chegan a ofrecerme mellorar as miñas condicións laborais, pero como me sigo a opoñer optan por despedirme dous días despois da reunión”.



Ferroatlántica: especulación cos recursos do país

No ano 1992, Ferroatlántica (propiedade do grupo Villar Mir) adquiriu os complexos industriais da antiga Carburos Metálicos en Sabón, Cee e Dumbria e as centrais hidroeléctricas construídas para fornecer de enerxía a estas dúas últimas fábricas. As cláusulas das concesións dos saltos de auga son claras e vinculan a produción enerxética á produción de ferroalixaxes, de maneira que o dereito a explotar os ríos está condicionado á que se dote de viabilidade a produción industrial e a garantir o emprego. Porén, dende o primeiro momento, o Grupo Villar Mir tentou saltar as cláusulas concesionais e segregas as actividades para facer caixa a conta de especular coas centrais.

Agora Ferroatlántica intenta, por terceira vez, levar adiante esta operación presentando un proxecto peor que o do ano 2017 (que non puido concluír por non ter autorización da Xunta), xa que, para darlle aparencia de legalidade, a empresa anuncia un acordo cun fondo voitre norteamericano (con intereses no negocio da enerxía mais sen relación co sector das ferroalixaxes), para a venda conxunta das fábricas de Cee-Dumbria e das centrais.

Esta manobra, que require da autorización da Xunta ao implicar unha concesión pública, suporía a segregación encuberta das centrais e deixaría as plan-



tas da Costa da Morte nunha situación aínda peor que a formulada hai dous anos, xa que malia teren nova propiedade funcionarían como unha especie de subcontrata, ao depender en exclusiva das decisións de FerroGlobe que sería o seu único provedor de materia prima e o único comprador da produción.

Escisión da planta de Sabón

Ademais, para facilitar o seu obxectivo, e antes de existir pronunciamento da Xunta sobre a legalidade da transacción, Ferroatlántica negociou co comité de Sabón un presunto plan de investimentos que está condicionado á escisión da fábrica do resto da unidade industrial e á venda das centrais, incumprindo de maneira evidente a prohibición de segregas as actividades. A CIG non asinou este acordo porque non garante a viabilidade da fábrica de

Arteixo e implica asumir a operación fraudulenta do Grupo Villar Mir.

A CIG esixe da Xunta de Galiza que exerza as súas competencias, interveña de inmediato ante esta fraude e faga valer as cláusulas das concesións para evitar que se consume esta ilegalidade coa que o Grupo Villar Mir quere tirar proveito dos nosos recursos naturais para tapar os buracos xerados noutros sectores do grupo empresarial.

A Xunta ten competencias e debe exercelas para evitar que a explotación dos nosos recursos sirva para crear riqueza e emprego lonxe de Galiza. Pois non hai que esquecer que Villar Mir ten a concesión da mina de cuarzo de Serribal coa que abastece fábricas de fóra do noso país, ao tempo que ten parados fornos nas plantas galegas e mesmo desmantelou o proxecto FerroSolar que estaba desenvolvendo en Sabón.

Asina por unha enerxía ao servizo de Galiza

A CIG presentará no Parlamento o 10 de xullo as sinaturas necesarias para levar a debate a pleno a ILP impulsada pola central sindical de "Medidas para a nova xestión dos saltos e aproveitamentos hidroeléctricos no territorio de Galiza". Por iso fai un chamamento a aproveitar estes últimos días tanto para asinar como para recoller sinaturas para que chegue á cámara co máximo apoio posible.

Con esta ILP reclámase que a Xunta recupere as concesións dos saltos e centrais hidroeléctricas, nas concas nas que ten competencias, para fins de utilidade pública e interese social e que estes recursos sexan xestionados

directamente ou por empresas mixtas.

ACIG lembra que subministramos enerxía eléctrica para todo o Estado e, malia os custos sociais e medio ambientais do seu espolio, os nosos recursos non están ao servizo do pobo galego nin do desenvolvemento industrial. Por iso defende a necesidade de pór en marcha iniciativas para garantir que sexa un auténtico servizo público que reverta no desenvolvemento económico e industrial do noso país, permita a creación de emprego e combata a pobreza enerxética.

Denuncia que o constante incremento do prezo da electricidade evidencia que o actual marco regulatorio

e tarifario está sometido aos desexos das empresas eléctricas que actúan en réxime de oligopolio, o que deixa en situación incerta o futuro de moitos empregos; provoca o aumento de familias que non poden pagar a factura da enerxía; e impide un desenvolvemento industrial que cree emprego e free a sangría da emigración.

Por iso defende revertir á xestión pública os saltos e aproveitamentos hidráulicos; revisar as concesións para ver se cumpren as cláusulas; e que tres anos antes do remate dunha concesión a Administración inicie os trámites para revertela, evitando que volva ao negocio privado.

Xa é hora de avanzar nos nosos dereitos

Mulleres en loita contra a precariedade

A Secretaría das Mulleres da CIG ten en marcha unha campaña contra a precariedade e a explotación laboral que padecen milleiros de traballadoras en Galiza, desta volta pondo o foco en sectores especialmente feminizados e precarizados, como o dos coidados. Neste marco, a central está a realizar asembleas de delegadas e mobilizacións en todas as comarcas para denunciar as condicións laborais que sofren as traballadoras galegas e esixir políticas efectivas que rematen coas discriminacións e as desigualdades.

Deste xeito, dáse continuidade no tempo á campaña para esixir avances reais nos dereitos das mulleres impulsada pola central nacionalista, mais que non está vinculada a unha data concreta. A secretaria confederal das Mulleres, Margarida Corral, explica que se busca facer unha posta en común coa base afiliativa e as delegadas da CIG a respecto da situación que viven a cotío nas súas empresas, mais nesta ocasión "centrándonos nos traballos máis precarios do mercado laboral actual, que están relacionados coas tarefas de coidado, tanto no fogar como das persoas dependentes". Unha situación de precariedade e explotación que xa foi obxecto de denuncia nas masivas mobilizacións do pasado 8 de Marzo.

Realidade laboral "insostíbel"

Corral pon en destaque a importancia de autoorganizarse, do intercambio impresións entre o corpo da central sindical e a denuncia da precariedade, ao tempo que se artellan dende a central sindical solucións e propostas para avanzar na igualdade real e lograr unhas condicións laborais dignas para o conxunto das traballadoras do noso país, que no 85% dos casos están empregadas no sector servizos.

De feito, o panfleto de apoio á campaña que se está a repartir nos centros de traballo pon en evidencian a realidade laboral que sofren as ga-



legas: a taxa de temporalidade é 2,1 puntos superior á dos homes; o 77,3% dos empregos a xornada parcial son realizados por mulleres; a fenda salarial sitúase no 21,5% mentres que a fenda das pensións xa acadou o 36,6%; hai máis de 86.400 galegas que non teñen emprego, e destas o 36% levan máis de 2 anos en paro.

Para esixir medidas que revertan esta situación, a Secretaría das Mulleres insta a continuar na mobilización e até o momento xa se desenvolveron concentracións nas comarcas de Vigo, Pontevedra, Vilagarcía e Ferrol. Ademais, as mobilizacións intensificáronse despois do verán e non se descarta a convocatoria dunha gran manifestación nacional para dar unha resposta dende o feminismo de clase "a unha situación que consideramos insostíbel".

Sobre o traballo relacionado cos coidados, Margarida Corral subliña que foi ignorado pola economía capitalista e polos poderes públicos, e que coa súa mercantilización se converteron en empregos de segunda, polo que se desenvolven en condicións de elevada precariedade laboral e nos que conviven desigualdades de xénero, clase, raza ou etnia.

Cada vez son máis as empresas que prestan este tipo de servizos, operando a través de institucións públicas, que, en lugar de ofrecer directamente estas prestacións, privatízan as mediante subcontratas. A temporalidade

dos contratos, a duración destes, os baixos salarios que non se corresponden co grao de responsabilidade do traballo que se desenvolve, a ausencia de acción formativa específica para o desempeño do posto por parte das empresas, o incumprimento xeneralizado da Lei de Prevención de Riscos Laborais, as enfermidades

profesionais non recoñecidas, o alto risco de acoso ao que se enfrontan as traballadoras, a realización de horas extras non remuneradas, xunto coa minusvaloración do traballo, configuran a radiografía do sector.

Coidados, un sector invisibilizado

Mais a precariedade laboral non só é específica do sector dos coidados, senón que afecta a todos os traballos feminizados, que xeralmente se encadran no sector servizos, e teñen relación co coidado ou a atención das persoas, coa limpeza, a telefonía, hostalaría, servizos sociosanitarios, comercio, lecer, ou actividades financeiras, xunto coa industria do téxtil, alimentación ou a conserva.

De aí que o lema escollido para esta campaña sexa: Xa é hora de avanzar nos nosos dereitos. Mulleres en loita contra a precariedade. "É urxente combater a fenda salarial e cuestionar o valor que lle damos aos traballos que asociamos con mulleres. Non abonda con recoñecer que son tarefas importantes para o desenvolvemento da sociedade, falta trasladar ese valor en euros, e garantir que eses traballos se desenvolven coas máximas garantías para o persoal que os desenvolve. E ao tempo, redefinir os roles de xénero, afondar na corresponsabilidade dos coidados e garantir uns servizos de atención ás persoas públicas, universais e libres de explotación", conclúe a secretaria das Mulleres da CIG.